

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REAL ACADEMIA DE BELLAS ARTES DE SAN FERNANDO E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A EXPOSICIÓN: “FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES, 1950-1970”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 1 de abril de 2022 coa Real Academia de Belas Artes de San Fernando, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista desde o día da súa firma ata a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do presente convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer unhas bases de colaboración para a exhibición da exposición “FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)” na Sala 2 de Exposicións Temporais da Real Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, ten como obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituía un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.



A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, segundo o artigo 7 dos seus estatutos, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- “a) As necesarias para converterse nun **actor clave na difusión cultural**, que sirva de **punto de encontro entre os cidadáns e a cultura**.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As que fomenten a interrelación e os **proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas**, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...]*”

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional.

Ao mesmo tempo, a Fundación Cidade da Cultura está ideada como un polo cultural de gran envergadura, dedicado ao coñecemento e a creatividade contemporánea, a Cidade da Cultura de Galicia se perfilou dende os seus orixes como un instrumento que, conxugando pasado e futuro, permitira a Galicia abordar de maneira integral un ámbito estratéxico para o seu desenvolvemento: o da cultura.



Neste sentido, no seu plan de actividades, se indica como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o *“Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.”*

Neste sentido, co fin de reforzar as relacións culturais existentes, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia sente a necesidade de realizar unha exposición que terá gran interese para o público titulada: *“FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)”* que homenaxea ao longo do ano 2022 á figura de José Otero Abeledo *“Laxeiro”* (Lalín 1908, Vigo, 21 de xullo de 1996), co propósito de profundar e divulgar a súa figura, decisiva para o desenvolvemento e proxección da arte de Galicia no século XX. Dita exposición organízase pola Xunta de Galicia, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Concello de Lalín, en colaboración co Instituto Cervantes e a Embaixada de España en París.

Esta exposición será exhibida en lugares moi vinculados ao artista ou cos que mantivo unha relación moi estreita ao longo da súa vida. Así as cousas, a Xunta de Galicia previu que a exposición itinere á Academia para que, desde unha institución da importancia e renome internacional, se divulgue a figura do insigne artista galego, dada a estreita relación desta institución co artista froito da súa estancia na Real Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid no período 1931-1933.



Igualmente indicar que esta actividade se encadra dentro da celebración do Día das Artes Galegas que nesta ocasión, homenaxea ao pintor.

Pola súa parte, A Real Academia de Belas Artes de San Fernando ten entre os seus obxectivos a difusión do patrimonio cultural e a divulgación das achegas científicas que neste terreo prodúzanse como froito de traballos de investigación. Inaugurouse oficialmente en 1752 durante o reinado de Fernando VI. O establecemento das academias en Europa desempeñou un papel fundamental na normalización do gusto estético durante o Século das Luces. Desde 1773 a Real Academia de Belas Artes de San Fernando ten a súa sede no palacio de Goyeneche en Madrid, deseñado por José de Churriguera e adaptado ao gusto neoclásico por Diego de Villanueva.

Na actualidade componse de cincuenta e seis académicos de número, personalidades de recoñecido prestixio nos campos da arquitectura, pintura, escultura, música, cinema, arte gráfica, fotografía, deseño e historia e teoría da arte e é unha das oito Reais Academias de alcance nacional integradas no Instituto de España que ten por obxecto "fomentar a creatividade artística, así como o estudo, difusión e protección das artes e do patrimonio cultural, moi particularmente da pintura, a escultura, a arquitectura, a música e as novas artes da imaxe".

Visto a relevancia da Academia no sector cultural español, dos obxectivos estratéxicos e estatutarios da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, así como a vinculación de José Otero Abeledo "Laxeiro" a Galicia e á propia Academia, se considera necesario o establecemento dunhas bases de colaboración entre ambas institucións para a exhibición da exposición "FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)" na Real Academia de Belas Artes de San Fernando. A realización desta exposición, serve como instrumento para a promoción da cultura galega dentro e fóra da nosa comunidade e, aínda que póla súa propia natureza non da lugar á realización de investimentos reais, pois non se poden materializar en activos, sen embargo si poden considerarse como



investimentos de carácter inmaterial pois están incrementando o valor das actuacións realizadas nunha materia directa ou indirectamente relacionada coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Polo tanto a Administración Autonómica, coa sinatura do presente convenio adquire un activo inmaterial.

A Fundación A Caixa ostenta os dereitos propios e os cedidos por Vitra Design Museum para a itinerancia e exposición de “Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020” , na Cidade da Cultura de Galicia" que cede de balde para a súa difusión.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

